



Concello de Vigo
Expte. 3837/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 9/2023

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 9 DE XUÑO DE 2023

ORDE DO DÍA

UNICO- RESOLUCIÓN ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO FINANCIADA CO RECURSO FINANCEIRO RTGG/2022. EXPTE. 9705/335 (EXPTE. PLENO 3806/1101).

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón
Aguar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Espinosa Mangana Elena
Fernández Pérez José Manuel
Gómez Díaz Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro María del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Bartolomé Tocino, Carlota
Egerique Mosquera Teresa
López Román Patricia
Marnotes González José Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTEN:

Caride Estévez María José, concelleira do grupo municipal Socialista
Estévez Rodríguez Pablo Luis, concelleiro do grupo municipal Socialista



Pardo Espiñeira Javier, concelleiro do grupo municipal Socialista
Silva Rego M^a Carmen, concelleira do grupo municipal Socialista

Pardo Espiñeira Francisco Javier, concelleiro grupo municipal Socialista.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día nove de maio do ano dous mil vinte e tres, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Bartolomé Tocino, Blanco Iglesias, Egerique Mosquera, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Méndez Fuentes, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

UNICO.(80). RESOLUCIÓN ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO FINANCIADA CO RECURSO FINANCEIRO RLTTG/2022. EXPTE. 9705/335 (EXPTE. PLENO 3806/1101).

ANTECEDENTES: Con data 2 de xuño do 2023, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, emite a seguinte proposta,

“Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria-urxente celebrada o día 13 de abril de 2023, aprobou a Modificación Orzamentaria, Suplemento de Crédito nº 40/2023, correspondente ao expediente 9705/335

A Comisión de Orzamentos e Facenda en sesión do 4 de maio de 2023, ditaminou favorablemente a proposta formulada.

O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 9 de maio 2023, aprobou inicialmente a modificación orzamentaria nº 40/2023, tramitada no expediente 9705/335.

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente estivo a disposición dos interesados no Punto de Acceso Xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do Concello de Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2023 10:06	Páxina 2 de 6
3838-1101	CSV: A9AD27-C85448-3C3334-6K4UDU-SVYA1Z-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

<https://sede.vigo.org>, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención – Contabilidade deste Concello durante o período de 15 días hábiles, contados a partires do seguinte á inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 89 do día 10 de maio, comezando a súa exposición o día 11 de maio, e rematando o prazo da mesma o 1 de xuño de 2023.

Alegacións presentadas

No citado período, e consonte á certificación da súa exposición, presentáronse polos interesados que regula os artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP, UNHA alegación que forma parte da documentación que conforma o expediente 9705/335.

O artigo 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (en diante, TRLRFL), e artigo 22 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos (en diante, RP), regula o réxime de reclamacións ao Proxecto de Orzamentos das entidades locais. No apartado primeiro dos artigos 171 do TRLRFL e 22 do RP, establece que contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establece a Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

A alegación foi informada, no informe que figura no expediente, enuméranse as principais limitacións tanto en relación cos suxeitos lexitimados como as causas obxecto de alegación.

Sobre a lexitimación activa, o informe pronunciase favorablemente, aínda que non é enmarcable nos supostos regulados como tal no artigo 170 do TRLRFL.

Tendo en conta o informe, propónse ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO...”

Deseguido o concelleiro delegado informante emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión extraordinaria do 6.06.2023, rexeita a alegación e ditamina favorablemente a proposta.

DELIBERACIÓNS.- Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2023 10:06	Páxina 3 de 6
3838-1101	CSV: A9AD27-C85448-3C3334-6K4UDU-SVYA1Z-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Tendo en conta a alegación presentada, de modificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en relación cos empregos que conforma a aplicación dos recursos, así como a acreditación de que para a finalidade proposta na alegación, xa existe crédito no Orzamento vixente por unha contía de 1.180.084,36 euros na aplicación 9330.6320062, contía superior ca prevista na alegación, polo que propónse rexeitar a alegación presentada por: i) non axustarse aos supostos previstos no apartado segundo do artigo 170 do TRLRFL, así como o mesmo apartado do artigo 22 do R.P., ii) por existir crédito no Orzamento por unha contía superior que a solicitada na emenda.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a modificación orzamentaria nº 40/2023, correspondente ao expediente 9705/335.

A modificación orzamentaria, financiarase con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible correspondente á Liquidación do Orzamento do ano 2022, que segundo o previsto no artigo 104 do Real Decreto 500/1990, constitúe un recurso financeiro para o financiamento de modificacións de crédito.

A cuantificación deste recurso figura no expediente, que resulta un recurso financeiro adecuado para dar cobertura á modificación orzamentaria nº 40/2023.

Concepto	Recursos Partida	Importe	Programa	Partida	Empregos Cre. Inicial	Suplemento	Total
RLTGX	87000	1,840,000.00	3380	2260906	2,500,000.00	1,300,000.00	3,800,000.00
			3380	4700001	420,000.00	540,000.00	960,000.00
Total		1,840,000.00				1,840,000.00	

TERCEIRO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da concesión do crédito extraordinario poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito extraordinario.

CUARTO.- Todas as alegacións presentadas en prazo e das que se tivo coñecemento até as 24 horas do día 1 de xuño, foron avaliadas e resoltas, considerando que aquelas que non cumplan este requisito, entenderanse rexeitadas pola aplicación do artigo 20 do Real Decreto 500/1990.

QUINTO.- En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, a modificación orzamentaria definitivamente aprobada, será inserida no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nos termos e formato que establece o devandito precepto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2023 10:06	Páxina 4 de 6
3838-1101	CSV: A9AD27-C85448-3C3334-6K4UDU-SVYA1Z-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario 9 de xuño
 Legislatura: Mandato 2019-2023
 Órgano : Pleno
 Fecha Inici: Viernes, 9 de Junio de 2023 09:10:04
 Fecha Fin : Viernes, 9 de Junio de 2023 09:26:57
 Duración : 00:16:53

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3318

- Media (MASTER)

 [1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 226 MiB
 Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/0msxVbpEhlizydNEMcJ67sndByVlMNVy7sjqx872XEDPzWiL.wmv>
 SHA512 -
 d28773f349333b2553772d68e02c6ef7c1f28fee842a7392808c67c2a1c88d65fdc314173a3da84385233f0d55be8bad0a1550a47f7a13174835b91fcb85b9bb

- Media (PROXYS)

 (no disponible)

- Minutaje

 00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Losada Alvarez, Abel Fermín; Mejías Sacaluga, Ana María; Aneiros Pereira, Jaime; Aguiar Castro, Yolanda; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Blanco Iglesias, Eugenia Dolores; Lago Barreiro, M.ª del Carmen; Fernández Pérez, Jose Manuel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rivas González, Angel; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, Jose Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Lopez Roman, Patricia; Bartolomé Tocino, Carlota; Pérez Correa, Rubén; Méndez Fuentes, Oriana; Pérez Iglesias, Xabier;
 00:00:12 : UNICO.- RESOLUCIÓN ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO FINANCIADA CO RECURSO FINANCEIRO RLTTGG/2022. EXPTE. 9705/335 (EXPTE. PLENO 3806/1101).
 00:00:12 - Caballero Álvarez, Abel
 00:00:47 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:05:39 - Caballero Álvarez, Abel
 00:05:44 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:07:16 - Caballero Álvarez, Abel
 00:07:19 - Pérez Correa, Rubén
 00:12:14 - Caballero Álvarez, Abel
 00:12:25 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:15:32 - Caballero Álvarez, Abel
 00:15:38 - Votación [9:25:45]

00:16:53 : [FIN]



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2023 10:06	Páxina 5 de 6
3838-1101	CSV: A9AD27-C85448-3C3334-6K4UDU-SVYA1Z-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás nove horas e trinta minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 9/2023, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2023.
am.

A PRESIDENCIA

Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2023 10:06	Páxina 6 de 6
3838-1101	CSV: A9AD27-C85448-3C3334-6K4UDU-SVYA1Z-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>